# ACTIVIDADES

## LER PARA SABER




rodeira

**1.** **Completa a ficha bibliográfica do libro.**

**Título** ..................................................

**Autor/a** ..................................................

**Editorial** ..................................................

**Colección** ..................................................

**Ano de edición** ..................................................

**Lugar de edición** ..................................................

**ISBN** ..................................................

**Número de páxinas** ..................................................

**2.** **Busca información sobre a autora da obra, Care Santos:**

Datos biográficos:

..................................................

Obras máis relevantes.

- En que se inspirou a autora para escribir este libro?

**3.** Despois de ler a obra:

Por que cres que a autora a titula co nome de *Mentira*?

Deseña unha nova portada.

Pensa nun novo título para o libro.

Fai un breve resumo do argumento do libro.

**4.** **Relaciona as seguintes frases cos personaxes que as din no libro. Podes consultalo para responder:**

*«Dese pobre mozo seguramente nunca se ocupou ningués. Se o fixeran, sabería distinguir entre o que se debe facer e o que non, e non se comportaría dese modo.»*

*«Creo que non vos entenderei nunca.»*

*«¿Cinturón negro de taekwondo? —saltó—. No, no, seguro que no estudia aquí. Si lo hiciera, «Cinto negro de taekwondo? —animouse—. Non, non, seguro que non estuda aquí. Se o fixese, saberíao —e baixou a voz, coma se me comunicase un segredo—: Eu son cinto azul.»*

*«Que queres dicir? Que queres dicir con que se nota? Quen pensas que es para falarme así, estúpida? Estúpida de merda! Imbécil!»*

*«Fuches moi valente e moi nobre ao contárnolo todo desta maneira. E o resto... —fixo unha pausa, arqueou as cellas—. Ben, a partir de agora vas ter que estudar moitísimo.»*

*«A ver, Éric, tes medo de algo? Hai alguén que te está ameazando?»*

*«Tes catorce anos, Ric —proseguiu. Falaba moi rápido—. Se dis que o fixeches ti, caeranche cinco anos nun centro de menores, que se parece máis a un instituto ca a unha prisión. Será simplemente como un trámite, e despois sairás en liberdade vixiada.»*

**5. A obra está estruturada en tres partes. Explica brevemente cales son e que se explica en cada unha delas:**

1ª parte:

2ª parte:

3ª parte:

## I - SALINGER

**6. Xustifica o título da primeira parte do libro.**

**7. Responde as seguintes preguntas:**

- Na casa de Xenia, despois de cear, os membros da súa familia enrédanse en discusións e charlas relacionadas con temas de actualidade.

  E na túa casa? De que se fala habitualmente durante as comidas?

- Nun momento da obra, Xenia di: «Para mamá «ocuparse de min» —que son filla única— significa un montón de cousas horribles: non me deixar ir xamais ao colexio coa roupa que me apetece; marearme con mil preguntas cada vez que saio; quitarme o móbil ás dez da noite coa escusa de poñelo a cargar…»

  Que significado ten para ti que teus pais «se ocupen» de ti?

- Pouco tempo despois de se coñeceren por Internet, Xenia envíalle a Marcelo unha foto dela.

  Faríalo ti? Cres que existe algún perigo neste proceder?

- Reflexiona sobre esta frase e coméntaa cos teus compañeiros establecendo un debate na aula: «Cando coñeces unha persoa por Internet, todo o que non sabes dela telo que imaxinar. Por iso te equivocas».

**8. Despois de que Xenia se dea conta de que a enganaron a través de Internet e de que as notas daquela avaliación serán un desastre, explícalle a seus pais que lles mentiu e que está namorada de Marcelo:**

- Cal é a reacción de seus pais?

- Como cres que reaccionarían teus pais fronte a unha situación similar?

- Sorprendéronte nalgunha ocasión teus pais coa súa reacción fronte a un feito, como lle pasou a Xenia?

**9.** **Xenia desprázase ata a poboación do Prat do Llobregat buscando o ximnasio onde cre que traballa Marcelo e alí fálanlle da zona das «801 vivendas».**

- Existe realmente esa zona? Que características ten? (Podes buscar información en Internet.)

- Infórmate de se na túa localidade existe algún barrio de características similares ao das «801 vivendas» de el Prat do Llobregat.

## II - HOLDEN

**10. Xustifica o título da segunda parte do libro.**

**11. Na carta que Éric lle envía a Xenia fai unha descrición del mesmo, tanto física como do seu carácter. Podes relela no apartado «Segundo intento» do libro.**

- Agora, fai unha descrición de ti mesmo, tendo en conta os aspectos físicos e psicolóxicos.

**12. Éric explica que na súa casa se alimentaban fundamentalmente a base de latas de alimentos.**

- Cres que este tipo de alimentación se pode considerar saudable? Por que?

- Que diferenzas cres que podemos atopar entre os alimentos envasados e os frescos?

(Podes consultar diferentes fontes de información: Internet, especialistas, revistas de saúde, de alimentación...)

**13. Ben denuncia ao pai de Éric e retíranlle a custodia. Éric vai parar a un centro de acollida de menores onde vive durante uns anos.**

- Busca información sobre:

Que é un centro de acollida? Cal é a súa tarefa? Que tipo de profesionais traballan alí?

Coñeces algún centro de acollida de menores? Coñeces a alguén que viva ou traballe alí?

**14. Na novela, Ben é un amante do exercicio físico, por ese motivo insiste en que Éric faga taekwondo co seu medio irmán Marcelo.**

- En que consiste o taekwondo?

- • Que beneficios produce o exercicio físico?

- Practicas de maneira habitual algunha actividade física? Cal?
En que cres que te beneficia?

**15.** **A bibliotecaria dille a Éric: «Un libro tente que enganchar desde as primeiras liñas, sabíalo?».**

- «Enganchoute» algunha vez un libro? Cal?

- Recomendaríaslle aos teus compañeiros? Por que?

**16.** **Un dos libros que lle recomendou a bibliotecaria a Éric foi O fantasma de Canterville de Oscar Wilde.**

- Escribe brevemente o argumento..

- Busca a canción «El fantasma de Canterville» do músico arxentino Nito Mestre.
  Que significado pode ter para ti esta letra?

- Poderíalo relacionar co personaxe de Éric?

Coméntao cos teus compañeiros.

**17. Responde as seguintes preguntas relacionadas con Éric. Razoa a túa resposta.**

- Por que suplanta a súa identidade ao rexistrarse no foro da web dos lectores da biblioteca?

- Por que deixa de comunicarse con Xenia durante unha temporada?

- Por que non delata a Ben á policía e asume o asasinato de Marta Villanueva?

- Que razón da Éric para xustificar o asasinato?

**18. Alberto, avogado de Éric, non cre que el puidese matar a Marta só, xa que a cantidade de terra que se moveu para facer o buraco onde a enterraron equivalía a uns 1440 kg.**

- Se para sacar 1 kg de terra son necesarias tres padas, cantas padas serán necesarias para facer o buraco?

- Tendo en conta, como di Alberto, que unha persoa é capaz de desprazar 4 kg de terra por minuto, cantas horas tardarían tres persoas en facer o buraco?

- Se o buraco medise 2 metros de longo, 80 centímetros de anchura e 1,20 de profundidade, cantos quilos de terra moverían?
  Hai que pensar que un metro cúbico de terra pesa 2100 kg (terra saturada).

## III OS PATOS NO INVERNO

**19.** **Xustifica o título da terceira parte do libro.**

**20.** **Rele o último capítulo do libro e inventa un novo final a partir da frase «Ven comigo, Xenia. Acompáñote á sala de visitas» (mínimo 25 liñas).**

- Pódeslle ler o teu relato ao resto da clase.

rodeira